



BASES DO CONCURSO DO CARTEL DAS FESTAS DE SAN XOÁN 2011

PRIMEIRA.- É obxecto do presente concurso a selección do cartel que anunciará as festas de San Xoán 2011, organizadas pola Comisión de Festas de San Xoán 2011, e que se celebrarán no municipio de Carballo entre o 22 e o 26 de xuño de 2011.

SEGUNDA.- Poderán participar neste Concurso todas as persoas que o desexen, sen límite de idade. Cada autor só poderá presentar unha obra. Non poderán participar os/as concursantes que resultaran gañadores nas últimas dúas edicións deste concurso.

TERCEIRA.- A técnica a utilizar será libre dentro dos límites usuais para permitir unha normal reprodución fotomecánica.

CUARTA.- As obras serán inéditas e os motivos do deseño son libres, se ben deberá figurar o seguinte lema:

**SAN XOÁN 2011
do 22 ao 26 de XUÑO
CARBALLO**

QUINTA.- O cartel realizarase en vertical, e o seu tamaño deberá estar comprendido entre 40 e 55 cm de base e 55 e 75 cm de altura.

SEXTA.- A dotación do premio é de 450 € e está patrocinada por ÓPTICA ENRÍQUEZ

SÉTIMA.- Nos carteis non deberá constar o nome do autor ou autora, figurando na parte posterior o pseudónimo empregado. Cada traballo irá acompañado dun sobre pechado, que no exterior levará escrito o pseudónimo do/a autor/a, e no interior o nome completo do autor ou autora, enderezo, teléfono, e pseudónimo empregado.

OITAVA.- Os traballos deberán presentarse na Concellería de Cultura do Concello de Carballo, persoalmente ou por correo certificado, entre o 6 de abril e o 4 de maio de 2011. No exterior do sobre que conteña o cartel deberá constar:

CONCURSO DO CARTEL DAS FESTAS DE SAN XOÁN 2011

Concello de Carballo
Pazo da Cultura
Rúa do Pan, s/n
15100 Carballo (A Coruña)

NOVENA.- O xurado estará constituído por un mínimo de catro membros da Comisión de Festas e un representante do Concello de Carballo.

DÉCIMA.- A decisión do xurado é inapelable e adoptárase por maioría simple entre os seus membros. O xurado resérvase o dereito de declarar deserto o concurso.

UNDÉCIMA.- Os orixinais que non resulten premiados poderán recollese no Pazo da Cultura entre o 18 de xullo e o 20 de agosto de 2011. Despois desta data entenderase que os autores renuncian aos mesmos.

DUODÉCIMA.- A Comisión de Festas resérvase o dereito de publicar a obra premiada. Neste sentido, o/a autor/a renuncia a favor do Concello de Carballo a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor.

DÉCIMO TERCEIRA.- A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

**TÉCNICA
LIBRE**

**DIMENSIÓNS
entre
40/55cm X 55/75 cm**

**PREMIO
450 €**

**PRAZO
ata o 4
de maio**